



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

Programación da disciplina.

Nome do centro:	ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DISEÑO " MESTRE MATEO"
Titulación:	Grao en Deseño de Produto
Materia:	Proxectos de Produtos e Sistemas
Disciplina:	Deseño de Equipos e Iluminación
Curso:	Cuarto
Carácter:	Optativa Cuatrimestral
Tipo:	Teórico Práctica
Docente:	Jesús Eduardo Villar Quintás
Ano Académico:	2018-2019

*(Ca corrección en base ao escrito de 17/01/2019 de Requerimento de documentación:
Programacion Correxida. De REF: Servizo Territorial de Inspección Educativa -A
Coruña/JRL)*

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

Índice

1.-Identificación e Contextualización

2.-Organización

2.1.-Organización dos contidos

2.2.-Relación con outras materias

3.- Avaliación.

3.1.-Criterios de Avaliación

3.2.-Procedementos de Avaliación

3.3.-Instrumentos de Avaliación

3.4.-Criterios de Calificación

3.5.-Sistemas Extraordinarios de Avaliación e Calificación.

3.6.-Criterios e Pautas para o alumnado con necesidades educativas Especiais.

4.-Metodoloxía, Recursos e Actividades Complementarias.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

1.- Identificación e Contextualización

Idiomas:	Galego-Castelan
Departamento:	Deseño de Produtos
Profesor:	Jesús Eduardo Villar Quintás
Correo Electrónico	
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria de créditos ECTS: 6 Horas totais: 150 Horas de clase semanais: 4 Horas de clase no curso: 72 Horas de traballo non presencial: 70 Horas de tutoría: 8
Horario	Horario da clase semanal: Luns e xoves Horario de tutoría: Martes
Descriptoros	-Realización de proxectos de equipos e iluminación. -Aplicación das técnicas de representación e integración de todos os contidos teóricos e prácticos do resto das materias cursadas na titulación no referido a ese ámbito. -Aplicación da tecnoloxía dixital para a presentación, comunicación do proxecto e desenvolvemento do produto ou conxuntos deseñados.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

2.-Organización

2.1.-Organización dos contidos.

De seguido expónse o contido da disciplina ordenado baixo bloques e ca expresión da temporalización esperada..

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
A	Deseño de Equipos e Domótica			
1	Equipos electro-mecánicos Ferramentas e Accesorios	CM01-Clase maxistral DS01-Discusión e intercambio de opinións	1.50 horas 0.50 horas	24 de setembro 2018
2	Electrodomésticos. Limpeza e aseo. Deseño para cociñas e alimentación.	CM02-Clase maxistral DS02- Discusión e intercambio de opinións	1.50 horas 0.50 horas	26 de setembro 2018
3	Industria. do electrodoméstico en España e no estranxeiro	CM03 Clase maxistral BA01-Búsqueda e interpretación de datos	1horas 1hora 2 horas	01 de outubro 03 de outubro 2018
4	Ocio : Video, Audio , Informática e xogos	CM04 Clase Maxistral BA02-Búsqueda e interpretación de datos antropométricos .A ergonomía	1 horas 1 hora	08 de outubro 2018
5	O desparafuxador un proxecto sinxelo . Ergonomía do traballo y antropometría aplicada	Proxecto de ferramenta manual y eléctrica a nivel de execución dúas versios	2 horas 22 horas	10 de outubro 2018 A cumprir Finaliza 20 de decembro 2018
6	Examen do mercado de ferramenta, suministradores e fabricantes	CM05 Clase maxistral BA04- Búsqueda e interpretación de datos.	0.50 horas 1.50 horas	15 de outubro 2018
7	Equipos de comunicación e telefonía. Comunicación fixa e mobil.	CM06 Clase Maxistral BA05 Recopilación de catálogos Estudio e identificación de uso e acabados	0.5 horas 1.50 horas	17 de outubro 2018
8	O desparafuxador un proxecto sinxelo . Ergonomía do traballo y antropometría aplicada	Proxecto de ferramenta manual y eléctrica a nivel de execución dúas versións. posta en común	1.50 horas 0.5 horas	22 de outubro 2018
9	Diseño de interfaces informáticas.	CM07 Clase maxistral CR 01 Correccións de propostas de proxecto TP Tralaballo na aula	0.5 horas 1.50 horas	24 de outubro de 2018
10	Simuladores e aplicacións e produtos informáticos	CM08 Clase maxistral CR 01 Correccións de propostas de proxecto TP Tralaballo na aula	0.5 horas Correccións 1.50 horas	29, de outubro Continuación proxecto
11	Domótica concepto e sistemas de control	CM09 Clase maxistral CR 02 Correccións de propostas de proxecto TP Tralaballo na aula	0.50 horas Correccións 1.50 horas	31 outubro Continuación proxecto
B	Iluminación			

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

12	Iluminación.Luminarias tipoloxía, sistemas de control .Lamparas	CM10 Clase maxistral CR 03 Correccións de propostas de proxecto BA06 Recopilación de catálogos TP Traballo na aula	1 hora 1 hora	5 de novembro
13	Iluminación de espazos. Cálculo	CM11 Clase maxistral CR 04 Correccións de propostas de proxecto BA07Recopilacion de catálogos	0.5 hora 1.5 hora	7 de novembro
14	O desparafuxador un proxecto sinxelo	CR 04 Correccións de propostas de proxecto	1 hora 1 hora defensa	12,14 de novembro
15	O desparafuxador un proxecto sinxelo	Entrega de proxecto Defensa	1 hora 1 hora defensa	19 de novembro 2018
16	Proxecto de iluminación de local comercial	Proxecto de iluminación eléctrica a nivel de execución de librería CM12 Clase maxistral 10 horas	0.5 horas 1 hora 0.5 horas dudas	21 de novembro 2018
17	Proxecto de iluminación de local comercial	TP Traballo na aula CR 05 Correccións de propostas de proxecto	1 hora 1 hora	21,26,28 de novembro 2018
18	Xeración de pregos de condicións	CM13Clase maxistral TP Traballo na aula	0.5 horas 1.5 horas Correccións	3,5 de decembro 2018
19	Xeración de presupostos	CM14Clase maxistral TP Traballo na aula	1 hora 1 hora Correccións	10,12,17 de decembro 2018
20	Proxecto iluminación	TP Traballo na aula CR 05 Correccións de propostas de proxecto	1 horas 1 hora	19 de decembro de 2018
20	Proxecto iluminación	TP Traballo na aula CR 05 Correccións de propostas de proxecto	2 horas	9,14 de xaneiro de 2019
21	Proxecto iluminación	DF02 Defensa do proxecto executado Corrección final	2 horas	16 de xaneiro de 2019
22	Proba final específica	PRB01 caso practico e teórico a desenrolar na Aula 12+1 horas	13 horas practica 1 hora teoría	Do 17 0 24 de xaneiro

A temporalidade dos contidos poderá ser adaptada a realidade académica da aula e as incidencias que poidan acaecer o longo do curso.

2.2.-Relación con outras materias.

Para cursar esta disciplina requírese haber promocionado en tódalas correspondentes a materia de Proxectos de produtos e de sistemas, e recoméndase tamén no resto, dado que implica a aplicación integrada de contidos.

3.- Avaliación.

3.1.-Criterios de Avaliación.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

A avaliación e continúa e o alumno dispón de dúas convocatorias por ano académico una no mes de xaneiro e outra no mes de xullo e que denominaremos Ordinaria y Extraordinaria

Se relacionan a continuación as competencias e criterios de avaliación a empregar, de acordó cas contidas no Anexo I e V do Decreto 172/2015 do 29 de outubro.

As abreviaturas que se empregan a continuación teñen o seguinte significado:

X.-Competencia xeral da titulación

T.-Competencia transversal da titulación

Ep.-Competencia específica da titulación.

Relación de competencias:

Competencias a adquirir	
Competencias Xerais	
X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
X11	Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes/as, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.
X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables
X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos
X19	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.
X21	Dominar a metodoloxía de investigación.
X22	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.
Competencias Transversais	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
Competencias Específicas	
EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.
EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados
EP3	Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.
EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

Criterios de Avaliación.

Os criterios de avaliación a empregar para o control e comprobación das competencias adquiridas serán os seguintes, de acordo con Anexo V do mencionado Decreto:

C1.-Afacerse ás condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar os canles adecuados de formación continuada

C3.-Amosar una autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.

C4.-Amosar unha actitude de responsabilidade no uso dos medios e recursos ao seu alcance en relación co patrimonio cultural e ambiental

C6.-Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.

C9.-Esforzarse no traballo autónomo

C10.-Formular razoada e criticamente ideas e argumentos.

C11.-Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.

C12.-Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solución viables.

C14-Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.

C15.-Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

C16.-Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxetivos do traballo realizado.

C18.-Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

D01.-Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.

D02.-Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.

D03.-Desempeñar eficazmente o traballo especializado en equipos multidisciplinares afectos a proxectos complexos.

D04.-Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

D05.-Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estéticas, funcional e técnica

D06.-Coñecer as implicacións sociais, económicas e laboráis do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.

D07.-Coñecer e respetar a lexislación relativa a profesión de deseñador.

D08.-Coñecer e respetar a lexislación relativa ,a produción, distribución, venda, uso e goce dos obxetos producidos

D09.-Coñecer o contexto social, cultural e económico en que se desenvolve a práctica profesional, con especial atención ao seu contorno máis inmediato pero con atención a súa dimensión global.

D10.-Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional.

D11.-Coñecer as características estéticas e funcionáis dos produtos deseñados relacionándoas con contexto social, económico e cultural en que se produce.

D12.-Coñecer os valores significativos do deseño e aplicarlos na actividade proxectual propia

D13.-Coñecer en profundidade os materiais da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.

D14.-Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.

D15.-Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensas dos intereses dos consumidores usuarios e clientes

D16.-Introducir no proceso proxectual os valores da creación, a recreación e a innovación como valor engadido ao produto.

D17.- Expoñer verbal e documentalmente os seus proxectos, en calqueira das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas e comunicación adecuadas.

D18.-Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade propia e allea.

D19.-Expresar a través de recursos técnicos e intelectuais asimilados aos propios conceptos, coñecementos e posicións estéticas

D21.-Identificar y describir os principios teóricos do deseño.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

D25.-Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual.

D26.-Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e a eficacia a propia actividade como deseñadora.

D27.-Manexar recursos expresivos e comunicativo propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.

D28.-Recoñecer valores significativos os deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición ao longo da vida.

2E.-Comunicar, como deseñador a estrutura, a funcionalidade, os valores estéticos, de significado, e as características do proxecto dun produto, nun contexto artesanal ou industrial determinado.

3E.-Coñecer as implicacións técnicas máis significativas que supón a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolverlas nas súas aplicacións prácticas, con independencia do xeito concreto da forma de produción en que se atope.

4E.-Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exigencias do traballo e capacidade de integración no grupo.

5E.-Construír unha idea da actividade do deseñador de produtos coherente e propia con independencia das relacións de produción concretas.

6E.-Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a fabricantes, clientes ou usuarios, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

7E.-Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxectos.

8E.-Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de produtos participativos, con independencia do seu ámbito de formalización, complexidade ou produción

10E.-Dar resposta na propia actividade como deseñador de produtos ás exigencias ergonómica, funcionais, constructivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas.

Inclúese a continuación unha táboa onde se concretan os criterios de avaliación específicos para cada competencia.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

Competencias		Criterio de avaliación
X1	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.	-Coñecer as tipoloxías históricas máis salientables desde o punto de vista estético, funcional e significativo do deseño. - Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas con contexto social, económico e cultural en que se produce. - Coñecer en profundidade o proceso proxectual nas súas dimensións estéticas, funcional e técnica. -Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación.
X11	Comunicar ideas e proxectos aos/ás clientes/as, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.	-Ler e interpretar correctamente a documentación gráfica, infográfica e volumétrica que integra o proceso proxectual. -Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade propia e allea. -Expoñer verbal e documentalmente os seus proxectos, en calqueira das fases de elaboración destes, a profesionais do sector usando o vocabulario e técnicas e comunicación adecuadas.
X16	Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables	-Coñecer en profundidade os materiais propo da súa actividade e precribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable. -Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional. Coñecer e respetar a lexislacion relativa a produción, distribución, venda, uso e goce dos obxetos producidos.
X18	Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos	Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia a eficacia a propia actividade como deseñadora
X19	Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.	Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensas dos intereses dos consumidores usuarios e clientes. Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade propia e allea.
X21	Dominar a metodoloxía de investigación.	Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional
X22	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.	Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas. Coñecer e respetar a lexislacion relativa a produción, distribución, venda, uso e goce dos obxetos producidos
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.	-Esforzarse no traballo autónomo. -Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.	-.Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxetivos do traballo que se realiza.	-Formular razoada e críticamente ideas e argumentos. -Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxetivos do traballo realizado
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade	Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.	.-Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.	Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solución viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.	-Esforzarse no traballo autónomo. -Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
EP1	Determinar as características finais dos produtos, servizos e sistemas coherentes cos requisitos e relacións estruturais, organizativas, funcionais, expresivas e económicas definidas no proxecto.	Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxetos.
EP2	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados	Dar resposta na propia actividade como deseñador de produtos ás exigencias ergonómica, funcionais, constructivas e proxectuais que atendan á diversidade do ser humano practicando un deseño para todas as persoas
EP3	Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxetivos do traballo realizado.
EP6	Determinar as solucións construtivas, os materiais e os principios de produción adecuados en cada caso.	Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
EP13	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de produto.	-Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas

3.2.-Procedementos de Avaliación.

Para avaliar o alumnado farase un seguimento do mesmo no que se valorará:

- 1º.- A actitude (traballo diario) e a súa participación na clase
- 2º.- Os Traballos (proxectos) propostos durante o catrimestre
- 3º.- Unha Proba Específica de fin de catrimestre.
- 4º.-A Proba de Convocatoria Ordinaria de Xaneiro.
- 5º Unha Proba Extraordinaria de Xullo

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

Os obxetivos da materia veñen definidos po los descritores.

Para garantir a consecución dos obxetivos se procederá a avaliar en base os criterios sinalados e co porcentaxe de participación reflectida no seguinte cadro.

Actividade-Obxectivo	Criterio avaliador	Competencia Avaliada	Porcentaxe
C1.-Valoración dos traballos de investigación e documentación	<ul style="list-style-type: none"> -Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación. -Coñecer e usar as metodoloxías de estudo e investigación que lle permitan a optimización de recursos e a innovación na súa actividade profesional. -Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. .-Localizar e compilar información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente. -Manexar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solución viables 	X19-X21-T1-T2-T14	5%
C2.-Ponderación da Creatividade e a orixinalidade	<ul style="list-style-type: none"> Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxetivos do traballo realizado. Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade. -Identificar y describir os principios teóricos do deseño. -Incorporar á súa actividade as tendencias estéticas e culturais con criterios de significación. -Coñecer os valores significativos do deseño e aplicarlos na actividade proxectual propia. Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes. 	EP3-EP6-X3-T11-T13-	10%
C3.-Ponderación do nivel de elaboración dos proxectos e practicas	<ul style="list-style-type: none"> Concebir planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordó cos requisitos e condicionamentos técnicos funcionáis, estéticos e comunicativos. Utilizar os métodos de traballo máis apropiados para aumentar a eficiencia e eficacia da propia actividade como deseñadora. Propoñer, avaliar e determinar solución alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas. Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividad profesional. Esforzarse no traballo autónomo. Valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. 	X1-X18-EP3-T13-T15	20%

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

C4.-Ponderación da resolución dos problemas proxectuais	<p>Comunicar ideas e proxectos aos clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.</p> <p>Coñecer en profundidade os materiais propios da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable.</p> <p>Coñecer e respetar a lexislación relativa a produción, distribución, venda, uso e goce dos obxectos producidos.</p> <p>Coñecer as implicacións sociais, económicas e laborais do deseño como feito diferencial nas sociedades avanzadas.</p> <p>Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.</p> <p>Apreciar a sensibilidade estética, ambiental e cara a diversidade.</p> <p>Solucionar problemas e tomar decisións que responan aos obxetivos do traballo realizado.</p>	X11- X16-X22-EP2-EP6-T3	20%
C5.-Ponderación das solucións técnicas aportadas nos informes memorias e proxectos	<p>Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.</p> <p>Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.</p> <p>Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sustentables.</p>	T11-T15-X16	5%
C6.-Dominio dos coñecementos teóricos e operativos da materia	<p>Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño.</p> <p>Dominar a lectura de necesidades funcionais e a formalización de respostas coherentes no deseño e na produción de obxectos.</p>	X12-EP1	20%
C7.-Valoración do cumprimento dos prazos de entrega	<p>-Esforzarse no traballo autónomo.</p> <p>-Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.</p> <p>Amosar unha actitude aberta e positiva respecto das novidades tecnolóxicas, estéticas, sociais e artísticas máis recentes.</p> <p>.-Preocuparse por buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</p> <p>Coñecer en profundidade os materiais propo da súa actividade e prescribir o uso destes en relación coa optimización ergonómica do seu uso e goce, e segundo os criterios dunha economía sustentable</p> <p>-Coñecer as características estéticas e funcionais dos produtos deseñados relacionándoas con contexto social, económico e cultural en que se produce.</p> <p>Aplicar a capacidade de recoñecemento organoléptico e sensorial dos materiais e produtos que interveñen no deseño.</p>	T1-T11-T13-X15	5%

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

C8.- Valoración da actitude e participación y exposición e defensa de traballos	-Controlar e defender os propios criterios estéticos na mellor defensas dos intereses dos consumidores usuarios e clientes. -Expoñer e debater verbalmente os seus puntos de vista sobre a actividade propia e allea. Comunicar ideas e proxectos aos clientes argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo. Formular razoada e criticamente ideas e argumentos	X19-X11-T8	5%
PE.- Proba específica	Todos os criterios avaliadores	T1-T2-T3-T11-T13-T14-T15-X1-X11-X16-X18-X19-X21-X22-EP1-EP2-EP6-	10%
Calificación			100%
PROBA ORDINARIA			
PROBA ORDINARIA	Todos os criterios avaliadores	T1-T2-T3-T11-T13-T14-T15-X1-X11-X16-X18-X19-X21-X22-EP1-EP2-EP6	100%

PROBA EXTRAORDINARIA			
Actividade/Obxectivo	Criterio Avaliador	Competencia avaliada	%
PROBA EXTRAORDINARIA	Todos os criterios avaliadores relacionados	T1-T2-T3-T11-T13-T14-T15-X1-X11-X16-X18-X19-X21-X22-EP1-EP2-EP6	100%

3.3.-Instrumentos de Avaliación Ordinaria.

Neste apartado se incorporan as actividades que se programan para coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos do alumnado

Os instrumentos de avaliación son:

- A.-SEGUIMIENTO DA ACTITUDE E PARTICIPACION DO ALUMNO
- B.-REDACCION Y EXECUCION DE PROXECTOS
- C.-PROBAS ESPECÍFICA FIN DE CATRIMESTRE
- D.-PROBA CONVOCATORIA ORDINARIA

A.-SEGUIMIENTO DA ACTITUDE E PARTICIPACIÓN:

O sistema de seguimento baséase na existencia dun Rexistro persoal, materializado nunha Folla Excell de Cálculo que chamaremos Libro Diario. Na entrada de cada

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

alumno anotarse o seu control de asistencia, a participación, en exercicios realizados na aula así como as actividades de búsqueda de material durante o catrimestre, cunha valoración máxima de 0,5 punto por anotación.

A corrección obrigatoria durante o desenvolvemento dos proxectos propostos na aula forma parte do seguimento, pois debido ao carácter presencial das ensinanzas dos EE.SS de Produtos, e o sistema continuado de avaliación prescrito, os traballos a entregar nas datas sinaladas, son supervisados durante a súa realización polo profesor da materia ca finalidade de efectuar un apoio continuado a súa xestión e correxir aquelas desviacións non desexables que nos aparten do obxectivo final do traballo.

B.-REDACCION Y EXECUCION DE PROXECTOS:

Desenvolvemento polo alumno dos proxectos de acordo as especificacións definidas na súa proposta, e ca entidade suficiente, parcialmente executado na aula e fora dela en cumprimento das horas de carácter non presencial.

Trátase de proxectos a nivel de execución que deberán constar dunha documentación mínima, e presentados en soporte papel na data establecida.

O alumno debe ser quen de explicar e defender algún dos seus proxectos na data que se sinala no apartado 2.1 de Organización dos contidos do presente documento.

Esíxese un respecto absoluto en relación as datas de entrega. Non admitíndose entregas fora de prazo, salvo por causa debidamente xustificada.

O alumno para superar a materia ten que ter superados todos os proxectos, caso de non ser así terá que recuperar, ou recuperalos, na proba específica.

CONTIDO DOS PROXECTOS

1º.-Non se avaliarán aqueles proxectos que non teñan a documentación mínima, consistente en:

a.- Memoria descriptiva

b.- Memoria xustificativa

c.-Documentación gráfica suficiente e a escala consistente en:

c.1.-Presentación de todas as vistas necesarias para poder comprender o obxecto de modo indubidado.

c.2.- Dúas seccións da proposta de proxecto, lonxitudinal e transversal

c.3.-Os bocetos y estudos previos executados polo alumno, y en especial os asinados polo profesor en execución do proceso de control efectuado.

PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

Os proxectos presentaranse impresos en papel e a escala, acotados correctamente con indicación dos materiais e tolerancias dimensionais y en xeral cas técnicas de representación gráfica do debuxo industrial, a man ou con técnica de C.A.D.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

As memorias y anexos terán que presentarse en soporte papel, confeccionadas a man ou por medios informáticos ou a máquina, identificados co nome completo do alumno e curso, grupo e data de realización. Suxeitos, grapados ou encarpetados minimamente.

INTERPRETACIÓN DOS PLANOS E DA DOCUMENTACIÓN:

Naquelas cuestións relativas a o funcionamento das clases e interpretación de planos e a documentación dos distintos proxectos, que non se recollen na presente programación corresponde unicamente o profesor da disciplina tanto en canto que é responsable do que acontece na súa clase e na marcha dos traballos, sempre dentro duns criterios de obxetividade e xustiza, sentido común e boa fé, sin perxucio da opinión particular que mereza, imponha ou informe a Xefatura do Departamento ou no seu caso a Dirección do Centro de ensino.

FALTAS DE ASISTENCIA A SUA CONSIDERACIÓN E TRATAMENTO:

Respecto das faltas de asistencia do alumno, se contempran dous tipos de faltas:

A.- Faltas xustificadas.

Coñecidas así por existir documento que así o acredite ou coñecemento expreso do que aconteceu por parte do profesor ou a Tutoría ou Xefatura de Escola

B.- Faltas non xustificadas.

Definidas en contraposición as xustificadas

Respecto das primeiras, será criterio do que suscribe, que as falta as clases tanto teóricas como prácticas impide a adquisición dos coñecementos no seu tempo e forma e tamén a normal participación nos traballos e desenrolo das crases. Polo tanto, entendendo que non é posible aplicar a avaliación continuada, sin perxucio de outros criterios de instancias superiores, a aqueles alumnos que acumulen un **30 %** de ausencias desta característica remitirase comunicación a Xefatura de Estudos da circunstancia sobrevida para que proceda a executar os trámites administrativos axeitados e oportunos.

Respecto das segundas ou non xustificadas e criterio do que suscribe que aqueles alumnos que acumulen un **20%** de faltas sin xustificar, incurrirán na circunstancia sinalada e do mesmo xeito que os outros casos, remitirase comunicación a Xefatura de Estudos para que proceda a executar os trámites administrativos axeitados e oportunos y en consecuencia os traballos executados logo das circunstancias sinaladas e que non fosen sometidos ao proceso corrector dentro da aula, ou non teñan sido expostos, non serán calificados téndose por non presentados salvo causa suficientemente xustificada.

C.-PROBA ESPECÍFICA DE FIN DE CATRIMESTRE:

O final do catrimestre, se efectuará unha Proba Específica:

A Proba Específica constará de nunha parte práctica e dunha parte teórica que versarán sobor dos contidos da programación.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

A parte práctica tratará sobre a representación gráfica dun obxeto realizado durante o curso (sección , proxección, perspectiva, representación realista ou detalle construtivo).

Poderá ter unha duración máxima de 13 horas dentro de centro e as que libremente dispoña o alumno fora do mesmo.

A parte teórica comporase de un cuestionario de tres preguntas sobor do contido teórico desenrolado ao longo do curso.

Esto en base a noma 9.1 da circular 4/2013 da Consellería de Educación que estableceu que "a Avaliación ordinaria e extraordinaria poderán incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da avaliación , se así se establece na programación da disciplina".

EXCEPCION A PROBA ESPECIFICA DE FIN DE CATRIMESTRE.

1º.-Aqueles alumnos con asistencia suficiente que superen os proxectos ca cualificación mínima de 5 puntos non terán que desenrolar a parte práctica da Proba Específica de Fin de Catrimestre, pero si a súa parte teórica.

A finalidade da parte práctica e a recuperación dos proxectos non superados.

2º.-Na Proba Específica de fin de catrimestre pode eventualmente substituírse a súa parte práctica pola continuidade dun dos proxectos precedentes que o alumno non foi quen de superar, sempre que fose entregado en tempo e forma. En todo caso terá que resolver a parte teórica común para a Proba Final Específica

D.-PROBA da CONVOCATORIA ORDINARIA.

A realizar por aqueles alumnos que non foron quen de seguir o curso con un mínimo de aproveitamento ou por mor de excesivo número de faltas de asistencia ou na entrega dos traballos. Trátase de unha proba distinta e independente da que corresponde a os alumnos "normalmente cumpridores" (Proba Especifica de fin de Catrimestre).

Constará de:

1º.-Do desenrolo de un proxecto de deseño de contido limitado definido para o caso de acordo cas especificacións definidas previamente. Con entrega en papel dentro do prazo prescrito e con asistencia continuada a proba. Realizado dentro do centro por un total de 12 horas presenciais e non presenciais, as que libremente dispoña o alumno en desenrolo dunha idea proxetual que terá que prantexar

2º.-Unha proba escrita con respostas adecuadas as cuestións prantexadas, de entre as extraídas, do temario impartido no curso con un máximo de 3 preguntas e duración unha hora (1) o inicio do traballo.

A duración total da proba será entón de 13 horas (1+12)

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

Se valorarán en base 10 . O proxecto cun 70% y o cuestionario un 30% da nota final da proba.

3.4.-Criterios de Calificación.

A cualificación final obtida por un alumno que asista regularmente será a do resultado de aplicar a táboa seguinte:

Instrumento		%
Seguimento diario		5
Proxectos		85
Proba específica	Parte teórica	10
	Parte práctica	Id. que proxecto
Calificación		100%

Do seguinte xeito

Determinarase a cualificación final como a media das cualificacións obtidas nos proxectos plantexados no catrimestre cun valor máximo de 8,5 puntos(85%) para a parte práctica e cun valor máximo de 1 punto (10%)para a parte teórica. O valor de seguimento será o do curso e como máximo 0,5 puntos(5%).

Exemplo:

	Proxecto 1			Proxecto 2			Calificación	Final	%	
Seguimento	0	0,25	0,5	0,1	0,3	0,5	0,275	0,275	5	
Proxectos	3			6					85	
Proba específica	P.Práctica	5						$((5+6)/2)0,85$	4,67	
	P.Teórica	1							1	10
Calificación final do catrimestre dun alumno con asistencia								5,95	100%	

OBTENCION DA CALIFICACION DA PROBA CONVOCATORIA ORDINARIA:Se obtén según o resultado da proba descrita

PROBA	Partes da proba	%
CONVOCATORIA FINAL ORDINARIA	P. Práctica	85%
	P.Teórica	15%
Calificación Final da P.Ordinaria		100%

A continuación se relacionan as actividades, con criterios avaliadores e co peso porcentual dentro do instrumento avaliador

3.5.-Sistemas Extraordinarios de Avaliación e Calificación.

O sistema extraordinario de avaliación ten como finalidade a superación da materia en un período extraordinario, por aqueles alumnos que non foron quen de superar o curso por calquéira circunstancia.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

A avaliación extraordinaria realizarase en base a unha única proba ca única obriga de asistir as clases e actividades de recuperación, e será a realizar no centro de ensino nas datas que a tal efecto se fixan para cada curso académico no mes de Xullo

PROBA EXTRAORDINARIA.

A Proba Extraordinaria consistirá no desenvolvemento d'un proxecto de modo autónomo, a definir logo da avaliación ordinaria de marzo, e d'un cuestionario teórico.

A proba será fixada polo profesor da materia, ou polo Departamento, e terá unha duración máxima presencial de 13 horas.

O contido da proba será:

1.-Un proxecto de deseño, de contido limitado e non tutelado, a desenvolver nunha aula do centro, e nas horas que libremente queira dispoñer o alumno de modo non presencial.

2.-Un cuestionario de como máximo cinco preguntas relativas a os temas da presente programación das que soio deberan respostarse tres, a realizar na primeira das horas da proba e dentro das 13 sinaladas anteriormente.

Valoración : Se valorarán en base 10

O proxecto ou parte práctica cun 85%

O cuestionario un 15% da nota final

Competencias Avaliadas: Todas.

OBTENCIÓN DA CALIFICACIÓN DA PROBA EXTRAORDINARIA:

Se obtén según o resultado da proba descrita

PROBA	Partes da proba	%	Puntuación máxima
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	P. Práctica	85%	8,5
	P. Teórica	15%	1,5
Calificación Final da P. Extraordinaria		100%	10

3.6.-Criterios e Pautas para o alumnado con necesidades educativas Especiais.

As axeitadas a cada caso particular e seguindo os criterios fixados polo departamento, considerando os recursos do centro e as excepcións e consideracións que xuzgue oportunas a Xefatura de Estudos ou Dirección do Centro ou calquera outra Instancia Superior.

4.-Metodoloxía, Recursos e Actividades Complementarias.

Actividades introdutorias.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

Explicación aos alumnos do desenvolvemento da materia ao longo do catrimestre, incidindo nas competencias, os contidos que se traballarán, a metodoloxía e no sistema de avaliación

Exposición Maxistral.-CM0i_n

Exposición aos alumnos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Investigación e documentación.-BA0i_n

Explicación aos alumnos da metodoloxía de investigación a empregar en cada caso proposto.

Prácticas. TB0i_n.

Prácticas presenciais.

Resolución por parte do alumno do exercicio ou exercicios prácticos (proxectos) propostos en cada Bloque temático, a partir dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais.

Resolución por parte do alumno das actividades/proxectos propostos nalgúns dos temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos

Exposición e debate. Exp01

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados a o longo do curso.

Titorías docentes.-

Apoio ao alumnado, dentro do horario reservado a tal finalidade, e de uso discrecional do alumno, na resolución de dúbidas ou tutelado de prácticas ou proxectos.

Actividades de avaliación.PRB0i_n

Control dos coñecementos e destrezas adquiridas polo alumno ao longo do desenrolo dos diversos contidos da materia.

Mediante a valoración dos traballos e a aptitude mostrada o longo do catrimestre.

Actividades Complementarias.

Execución de modelos de traballo a escala 1:5 nos talleres de modelos e prototipos.

Recursos e Referencias básicas.

Os recursos a empregar podran ser de tipo informático e ou bibliográfico:

Recursos informáticos propostos:

Programa de Medicións y presupostos

Programas de Modelado 3D:

Solidworks cualquier versión

Programas de Instalaciones

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa **Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.**

Software de Procedimientos UNO.BTwin
de Cype Ingenieros (Arquimedes)
CYPELEC

Programas de delineado 2D:

Autocad ou similar.

Recursos bibliográficos cas referencias básicas seguintes:

Números Gordos en el Cálculo de Instalaciones.

Cinter Divulgación técnica

Arte de Proyectar en Arquitectura.

Neufert G.G

La Psicología de los objetos cotidianos.

Donald Norman.

Diseñar para el mundo real.

Victor Papanek.

Biomímesis.

Edit Metatemáticas Tusquets

Estética de las proporciones en la naturaleza y en las artes

Matila G. Yika. Edit. Poseidón

La Naturaleza como fuente de innovación.

Gabriel Songel. UPV

Diseño de la Ciudad. 1 .

Leonardo Benéolo. GG

Sobre el crecimiento y la forma.

Dibujo para Diseñadores industriales.

Edit Parramon.

Fdo.: Jesús Eduardo Villar Quintás

O profesor da materia/assinatura

Santiago de Compostela a 25 de xaneiro de 2019.

Redactase o presente documento en contestación ao Requerimento de documentación relativo a " Programación correxida con data 17/01/2019 con

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia.

referencia Servizo Territorial de Inspección Educativa-A Coruña / JRL no que consta como destinatario O Sr/ Director da EASD Mestre Mateo.

O corpo do escrito refírese as seguintes incidencias:

- 1.-O nome da disciplina debe figurar en galego
- 2.-Os descritores deben figurar no epígrafe 1, non na metodoloxía, e coincidir cos descritores da guía docente.
- 3.-Debe modificar o apartado 3 pois os criterios e procedementos de avaliación están desordenados, resultan confusos e as veces inintelixibles. Mais en concreto:
 - No apartado 3.1 de criterios de avaliación deben constar criterios conformes cos Anexos I e V do D. 172/2015 do 29 de outubro e conforme coas competencias da disciplina sinaladas na guía docente. Non é suficiente enumerar claves, debe especificarse a seu significado. Non e necesario ponderar os criterios neste apartado e o cadro de ponderación proposto e inintelixible.
 - No apartado 3.3 deben enumerarse claramente os instrumentos de avaliación e sinalar de forma explícita como se calcula a cualificación do alumno en función dos instrumentos enumerados. As ponderacións destes instrumentos deben ser claras e definidas.

En efecto, apreciados os erros sinalados, se procede a efectuar as correccións pertinentes, y en consecuencia:

- 1.-Se corrixe o nome da materia.
- 2.-Se sitúan os descritores no sitio adecuado do epígrafe 1
- 3.-Se modifica o apartado 3.1 engadindo os criterios de avaliación xunto cas competencias sinaladas no Decreto mencionado e recollidos na Guía docente.
- 4.-Se relacionan as claves cos contidos.
- 5.- Elimínase o cadro de ponderación intelixible.
- 6.-O apartado 3.2 se conserva con lixeiras variacións.
- 7.-Se procede a enumerar no apartado 3.3 os instrumentos de avaliación e se sinala como se calcula a cualificación, do alumno, cuatrimestral e final (que para o caso son coincidentes)
- 8.-Outros cambios.

E para que conste firmo o presente en Santiago de Compostela, a 25 de xaneiro de 2019.

Fdo.: Jesús Eduardo Villar Quintás